

Camiño Contemplativo

16 de novembro 2018

Barrio Residencia – Parroquia de San Antonio

Miradas



É curioso: Somos o que miramos. Somos como miramos. Algúns din: “Dime como miras e direiche quen es”. É a mirada. Esa linguaxe universal máis aló das palabras. Diariamente vivimos *delas*. Inmersos *nelas*. Amando ou condenando. Dándoa e recibíndoa.

A súa mirada

* A mirada de Xesús é unha mirada *cargada de sentimentos* e repleta de *compaixón*. A súa mirada profesa agarimo, mirada repleta de recoñecemento da fe.

* É, tamén, mirada cargada de indignación ante o inxusto evitable (Mt 12, 2.10), cando se xoga a sorte dos pequenos (Mt 18,2)

* A mirada de Cristo é *mirada que sabe discernir*. É longa, profunda, intelixente. Sen miopía nin vista cansa. Non escapa á verdade. É inocente pero non inxenua, sinxela como pomba pero astuta como serpe (Mt 10,16).



A nosa mirada



É un tempo para converter a mirada ao estilo de Xesús. **É un tempo para deixarnos mirar por Deus**, para descubrir a mirada en cada irmán e aprender nós a mirar como Deus mira... porque unha mirada súa, abondará para converterme e crer no evanxeo, en Boa Nova.

Mundo no que non só se moven capitais dun lado a outro, senón imaxes..., ollos que se coan na nosa vida a cotío, berrando, pedindo, esixindo, reclamando... Como non pasar de longo? Como manter os ollos abertos? Como impedir que a mirada se embote pechando a porta á compaixón que quere deter o seu camiño e agachándose, levantar ao que xace nos bordos da vida? Só nunha mirada como a de Deus, sempre envorcada cara ao necesitado, líbrase o abismo que o sufrimento a inxustiza abren entre os homes?

O feito de mirar é implicativo. Non podemos convidar a mirar sen máis, de maneira abstracta e ahistórica. Atrevámonos a mirar con complicidade... e a con-doernos.

